

CONVOCATORIA ABERTA DE CONSULTAS AO MERCADO PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS INNOVADORES NO ÁMBITO DOS CONTIDOS DIXITAIS INTERACTIVOS, NO MARCO DO PLAN DE ACCIÓN PARA O IMPULSO AOS CONTIDOS DIXITAIS EN GALICIA (DICO MINDSET)

FAQ:

1. Con que obxectivo xorde esta convocatoria?

A convocatoria xorde dentro dun novo modelo de relación co mercado, no que se busca de forma transparente, a participación de todo tipo de entidades e persoas físicas ou xurídicas, que teñan a vontade de colaboración coa Amtega e a CRTVG, para a identificación de propostas innovadoras que contribuirán ao proceso desenvolvemento e execución de solucións e servizos no ámbito dos contidos dixitais interactivos, no marco do Plan de acción para o impulso dos contidos dixitais en Galicia, DICO Mindset.

O obxectivo da consulta ao mercado é que, a partir das propostas recibidas, a Amtega e a CRTVG teñan coñecemento suficiente das solucións máis novas e óptimas existentes no mercado para lanzar un procedemento de licitación posterior.

2. Que NON É a convocatoria de consultas ao mercado?

A convocatoria de consultas ao mercado:

- NON é un concurso de ideas.
- NON é unha convocatoria de axudas de proxectos de I+D+i.
- NON é un procedemento aberto de contratación.

3. Que é a Compra Pública de Innovación?

A Compra Pública de Innovación (CPI), como instrumento de política de innovación desde a demanda, é unha iniciativa orientada a potenciar sectores estratéxicos utilizando a compra das administracións públicas para fomentar o desenvolvemento tecnolóxico e a obtención de bens e servizos innovadores.

A CPI persegue os seguintes obxectivos:

- A mellora dos servizos públicos mediante a incorporación de bens ou servizos innovadores.
- O fomento da innovación empresarial.
- O impulso á internacionalización da innovación empregando o mercado público local como cliente de lanzamento ou referencia.

As consultas preliminares do mercado recóllense no artigo 115 da Lei de Contratos do Sector Público (Lei 9/2017 do 8 de novembro).

4. Quen pode participar nesta convocatoria?

Nesta convocatoria poden participar todo tipo de entidades e persoas físicas ou xurídicas que teñan vontade de participación e de colaboración coa Amtega e a CRTVG para o desenvolvemento e execución de solucións e servizos no ámbito dos contidos dixitais interactivos, no marco do Plan de acción para o impulso dos contidos dixitais en Galicia, DICO Mindset.

Neste sentido, a convocatoria busca a participación de todo aquel que poida “achegar coñecemento” para o desenvolvemento e execución do proxecto.

5. Onde pode atopar información detallada da convocatoria?

A convocatoria foi publicada no DOG o 27 de Xullo de 2018:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180727/AnuncioG0177-170718-0001_gl.html

Pode atoparse información detallada na web do proxecto:

<https://amtega.xunta.gal/dicomindset>

6. Onde pode facer consultas sobre o funcionamento da convocatoria?

A través do seguinte correo electrónico pódense facer consultas operativas sobre este procedemento:

cm-dicomindset.amtega@xunta.gal

7. Que aspectos debo ter en conta para describir a miña idea?

A definición mínima para que unha idea sexa considerada é a indicada nos distintos campos do formulario incluído na web do proxecto (<https://amtega.xunta.gal/dicomindset>)

- Data de elaboración
- Nome da proposta
- Acrónimo da proposta
- Datos propoñente
- Datos de contacto
- Reto tecnolóxico cos que está relacionada a proposta
- Breve resumo (especificación funcional)

- Duración estimada para a execución da proposta
- Beneficios da proposta para o sistema público galego, para o usuario do sistema público galego e para outros axentes
- Elementos de innovación e resultados de I+D
- Regulacións e normas asociadas
- Autorización de uso dos datos aportados
- Declaración obrigatoria (dereitos de explotación e de uso das propostas)

9 Hai algún usuario obxectivo ao que enfocar a miña idea?

As propostas deberán centrarse na educación non regrada, enfocadas principalmente en usuarios de 6 a 16 anos, aínda que a solución debe ser escalable para futuros usos e usuarios.

10 Podo anexar documentos na miña proposta?

Si, pódense anexar os documentos que se desexen sempre que os ficheiros sexan inferiores a 10MB.

Os tipos de ficheiros permitidos son: gif jpg jpeg png txt pdf doc docx odt ppt pptx odp xls xlsx ods

11 Existe algún límite de propostas por empresa?

Non, unha empresa pode presentar todas as ideas que considere.

12 As ideas teñen que estar centradas na plataforma ou nos contidos?

En ambas. Búscanse servizos e solucións innovadoras que necesariamente teñen que converterse nun produto operativo e a innovación pode radicar na plataforma e no contido ou en ambas. Nesta fase do proxecto, non hai ningunha restrición para a presentación de ideas tanto no relacionado coas plataformas coma nos contidos.

13 A solución debe ser innovadora?

Si, a solución global debe ser novidosa, con todo pode utilizar compoñentes xa existentes no mercado.

14 Terei resposta da Amtega e CRTVG sobre a valoración da miña proposta?

Non se responderá individualmente sobre a valoración das propostas. Enviarase unicamente un correo electrónico informando ao propoñente sobre se a súa idea é ou non tida en conta no proceso.

A Amtega e CRTVG actualizarán a información sobre o proxecto nun prazo prudencial desde a análise das propostas.

15 Onde se publicitará a información relativa aos avances na definición do proxecto?

Co fin de garantir a transparencia e igualdade de oportunidades entre os participantes, publicarase toda a información relativa aos avances na definición de cada proxecto.

Desta forma, a medida que vaian madurando os proxectos, co traballo interno dos equipos de Amtega e CRTVG e apoiándose nas propostas de solucións innovadoras que consideren de interese, xeraranse “Fichas de Avance”, que en ningún caso recollerán explicitamente as solucións propostas polos participantes na convocatoria.

Estas fichas, estarán accesibles a través da Web do proxecto (<https://amtega.xunta.gal/dicomindset>)

16 Que uso farán Amtega e CRTVG das propostas recibidas?

As ideas presentadas non serán públicas.

No formulario web de presentación da idea o proponente autorizará á Amtega ao uso dos contidos da proposta que se limitará exclusivamente á posible inclusión dos contidos no proceso de definición nas especificacións dun eventual procedemento de contratación.

Polo tanto, a Amtega e a CRTVG poderán utilizar as propostas internamente e darán publicidade ás solucións finais definidas por eles mesmos, para as que se poderá ter en conta calquera das propostas enviadas no marco da convocatoria aberta de Consultas ao Mercado.

En caso de que as entidades proponentes o autoricen, publicarase o listado de entidades participantes na Consulta ao Mercado.

17 Cales son os criterios para a análise das ideas?

Os criterios a ter en conta para a análise das ideas propostas son:

1. Novidade que achega respecto ao estado da arte (carácter innovador das propostas). Produto ou servizo que non existe no mercado.
2. Adaptación da proposta as necesidades descritas nos retos indicados na convocatoria
3. Escalabilidade. Posibilidade de que a solución sexa replicada noutras entidades públicas.
4. Internacionalización. Posibilidade de que a solución sexa comercializada noutros mercados.

18 Cando é a data límite para presentar ideas?

Non hai unha data límite para presentar mostra de interese mentres non estean os pregos de contratación.

Non obstante, aconséllase presentar as ideas antes do 15 de outubro para que poidan ser analizadas durante o proceso de definición dos proxectos.

19 Teño preferencia nas futuras contratacións por ser o propoñente da idea?

Non.

Non se adquire ningún dereito sobre o futuro desenvolvemento da idea proposta. O propio procedemento da convocatoria de consultas ao mercado avala a “igualdade de trato” dos participantes nas futuras contratacións e non garante ningún dereito preferente aos proponentes das ideas.

A participación na convocatoria, o diálogo ou contactos mantidos cos participantes ou os intercambios de información non poderán dar lugar a infraccións dos principios comunitarios de non discriminación e transparencia nin ter como efecto restrinxir ou limitar a competencia, nin outorgar vantaxes desleais ou dereitos exclusivos non eventuais nos procedementos de contratación.

En todo momento garántese a confidencialidade das propostas presentadas no marco da convocatoria aberta de consultas ao mercado.

20 Cantos proxectos van a licitarse?

Non está definido a día de hoxe.

O número de proxectos que saíran a licitación coñecerase tras a análise das diferentes propostas recibidas na consulta ao mercado e a publicación do mapa de demanda temperá.

21 De quen é a propiedade dos traballos e produtos desenvolvidos?

Os dereitos de propiedade industrial e intelectual sobre os novos bens e as tecnoloxías desenvolvidas no ámbito dos proxectos que se liciten pertencerán ao contratista.

Polo tanto, o contratista terá a potestade do exercicio en exclusiva dos dereitos de explotación dos compoñentes tecnolóxicos desenvolvidos en todas as súas formas e modalidades e, en especial, dos dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación, a nivel mundial.

O contratista cederá á Amtega e á CRTVG unha licencia de uso non exclusiva e gratuíta, durante un prazo ilimitado.

NOVAS PREGUNTAS ENGADIDAS O 09/01/2019

22 Cando, como e que temos que presentar nas referencias para poder presentarnos a futura licitación? Cales serán os criterios de selección de empresas para participar no proceso de negociación? Cando está prevista a adxudicación do contrato?

Está previsto que a principios do ano 2019 se publiquen os pregos relativos á futura licitación. Neses pregos definiranse os tempos, prazos e fases concretas do procedemento, así como a descrición e forma de presentación da documentación necesaria.

No prego está previsto que se definan tanto o proceso como os criterios de selección de empresas que participarán no proceso de negociación. Así mesmo, está previsto que se poida realizar a adxudicación do contrato a finais de maio de 2019.

23 Se valoramos unha asociación, pode ser con calquera empresa do mundo, ou polo contrario solo podemos facelo coas empresas que axudaron a crear o mapa a través do formulario?

No que se refire ás asociacións de empresas, en ningún caso está restrinxido ás empresas que participaron no proceso de consultas. Calquera empresa poderá participar, de acordo cos requisitos que se establezan nos pregos de licitación

24 Onde podo atopar a listaxe das empresas que participaron nas consultas preliminares ao mercado?

A listaxe de empresas participantes nas consultas preliminares ao mercado está dispoñible no documento da ficha de avance que pode descargarse da web do proxecto (<https://amtega.xunta.gal/dicomindset>).

25 Hai algunha restrición no enfoque tecnolóxico do proxecto?

Respecto ao enfoque tecnolóxico do proxecto, poderá presentarse a proposta que se considere máis adecuada, de acordo coas prescricións que se establezan nos pregos da contratación que se publicarán nas primeiras semanas do ano 2019.